

**PERCEPCIÓN CROMÁTICA EN MULLERES DE DIFERENTES GRUPOS
CULTURAI E SOCIAIS DA CIDADE DE LUGO.**

MONICA ALONSO

PARA VER A TOTALIDADE DO PROXECTO CONTACTAR COA ARTISTA

PERCEPCIÓN CROMÁTICA EN MULLERES DE DIFERENTES GRUPOS CULTURAIS E SOCIAIS DA CIDADE DE LUGO.

Preguntar para saber, de que cor son:

A felicidade, a infelicidade, o amor, a tristeza, a saúde, a enfermidade, o relax, o estrés, o diñeiro, o pracer, a dor, o infinito, o agora, a familia, a vida, a morte, de que cor es ti?, A túa cabeza, o teu corazón, a túa nai.

Podo especular coas respostas e probablemente acertarei, pero quero ter as respostas dos grupos de mulleres elixidas e así traballar artisticamente con eles. Dun xeito metodolóxico deseño un cuestionario que pide relacionar os conceptos citados cunha gama de cores. Nunha primeira vez a aplicación faise en 3 lugares representativos de diferentes culturas: Cidade do Cairo, cultura árabe; Cidade de México, cultura mexicana; Cidade de Lugo, cultura galega.

O proxecto amplíase a diferentes grupos culturais e sociais da cidade de Lugo:

- **Mulleres da cidade de Lugo:** 100 mulleres enquisadas pola rúa dun xeito aleatorio.
- **Mulleres xitanas:** 25 mulleres enquisadas a través da Fundación Secretariado Gitano de Lugo.
- **Mulleres árabes:** 25 mulleres enquisadas a través AMEIS, Asociación Magrebí-Española para la integración y la solidaridad.
- **Mulleres vítimas de violencia:** 25 mulleres enquisadas a través Asociación ALIAD-ULTREIA. Proxecto de atención a mulleres en vulnerabilidade, proxecto integral de atención a vítimas de trata.
- **Mulleres con cancro xinecolóxico:** 25 mulleres enquisadas a través da AECC Asociación Española Contra el Cancer.

Establecidos os resultados estes son presentados a través de gráficos estatísticos. O proxecto artístico céntrase na interpretación destes datos, e así temos a valoración cromática de todas as variables, en relación aos resultados obtidos:

Felicidade amarela: felicidade álxida; Amor branco: non ter vivencia plena do amor; Saúde azul: a necesidade de curar; Enfermidade marrón: enfermidade localizada no corpo; Relax azul ceo: relax pracenteiro; Estrés vermello: abstracto e activo; Dor negra: o nivel abstracto máis intenso da dor; Infinito vermello: medo ao infinito; Agora marrón: agora turbio; Morte negra: o negro da gran escuridade. etc, etc.

Tomando como datos: *de que cor es tí?, a túa cabeza, o teu corazón*, fago unha interpretación de diferentes mulleres:

Muller Branca - Muller Negra - Muller Vermella - Muller Verde - Muller Azul.

CUESTIONARIO APLICADO.

Este cuestionario forma parte dun gran proxecto de Psicoespazo que busca relacionar psicoloxía, espazo e cor. Quere ser aplicado a distintas persoas de todo o mundo, co obxectivo de establecer as cores das emocións e as experiencias da vida real. Chegar a establecer cal é a cor da felicidade, a saúde, a morte, etc, co fin de aproveitar esta información para mellorar a nosa vida e entender mellor as calidades das nosas preferencias culturais

É por isto polo que te pido a túa colaboración neste ambicioso proxecto. Moitas grazas.

Autora: Mónica Alonso. Investigadora en psicoespazo. www.teoriaspsicoespacio.com. Doutora en Belas Artes

CUESTIONARIO

Home Muller Idade.....

Ordena do 1 ao 11 as cuestións que mais te preocupan

amor creatividade diñeiro familia felicidade futuro morte relax saúde sexo traballo

Ordena do 1 ao 6 as seguintes cores, segundo a túa preferencia

R



A



V



Z



B



N



CR01 CR02 CR03 CA04 CA05 CA06 CA07 CV08 CV09 CV10 CZ11 CZ12 CZ13 CB14 CB15 CN16 CN17 CP18 CD19


Utilizando a anterior gama de cores anota a referencia de que cor son para ti as seguintes cuestións. Podes anotar varias

| | | |
|----------------------------------|-------------------------|--------------------------------|
| A túa cor preferida | . O relax | A familia |
| A felicidade | O estrés | A vida |
| A infelicidade | O diñeiro | A morte |
| O amor | O pracer | De que cor es TI? |
| A tristeza | A dor | A túa cabeza |
| A saúde | O infinito | O teu corazón |
| A enfermidade | O agora | A túa nai |


COR PREFERIDA

Preferido: Afecto ou gusto especial por unha persoa ou cousa entre outras.


Elixido, predilecto, favorito.




Cor Preferida Lugo




Cor preferida Xitana




Cor preferida Árabe



Cor preferida Violencia



Cor preferida cancro



O AZUL.

O azul é unha das cores máis preferidas, elixida en diferentes estudos realizados; no cuestionario a cor CZ12.

Non hai ningún sentimento negativo no que domine o azul, excepto no azul mariño que aparece asociado a cuestións negativas; a súa elección marca unha intensidade emocional negativa.

O azul é a cor das posibilidades ilimitadas, da fantasía. É a cor do ceo, da auga, do etéreo, do líquido elemento.

Cor da simpatía e a harmonía.

É a cor dada a todo o que desexamos que permaneza, o que consideramos debe durar eternamente. O verde sería a seguinte cor nomeada para esta experiencia.

O azul é elixido como a cor máis fría, para min a cor máis fría é o gris frío polo que atribúo calidades cálidas ao azul.

O azul é a cor preferida para as mulleres de Lugo, seguida dos verdes, vermello e afíns (fucsia e rosa). Para as mulleres vítimas de violencia segue a ser o azul seguido do vermello, descendendo a preferencia polo verde. Destaca unha ascendencia do branco.

O vermello é unha cor dual, do amor ao odio, da vida á morte, da ledicia á dor, do positivo ao negativo. As lecturas da cor vermella son sen dúbida moi interesantes, como potencia e como debilidade.

O vermello é a cor preferida para a muller xitana, o vermello en positivo. Sigue a cor azul e a ascendencia do branco.

O branco é a cor preferida para a muller árabe que vive en Lugo, seguida do vermello e unha ascendencia do negro. Resulta curioso ver como o azul CZ12 (así marcado no cuestionario) que é preferido en occidente, non é case preferido para a muller árabe que vive en Lugo. Destacar a ascendencia do negro, que non é preferido en ningún caso en mulleres vítimas de violencia e mulleres xitanas.

As mulleres con cancro escollen como preferido o verde, seguido do azul CZ12. Esta elección do verde é o inicio dunha gran preferencia polo verde nas mulleres con cancro xinecolóxico.

Case todas as cores teñen unha preferencia excepto: non hai ningunha muller das enquisadas en total que elixa como preferido o amarelo claro, cor carne, prateado e dourado. 4 mulleres elixen o marrón, 1 o azul mariño, 1 o gris e 2 persoas o verde escuro.

A interpretación das cores preferidas responde a cuestións persoais e culturais.

COR PREFERIDA AZUL MEDIO CZ12: Cultura occidental.

COR PREFERIDA VERMELLO: Cultura xitana.

COR PREFERIDA BRANCO: Cultura árabe.


COR PREFERIDA VERDE: Preferido tranquilo, estable.

FELICIDADE


Estado persoal de plena satisfacción.

A felicidade é unha emoción que se produce nun ser vivo cando cre ter acadado unha meta desexada. A felicidade soe ir aparelada a unha condición interna ou subxectiva de satisfacción e ledicia.


Alegría, encanto, fortuna, ledicia, ventura.




Felicidade Lugo




Felicidade Xitana




Felicidade Árabe



Felicidade Violencia



Felicidade cancro



A felicidade identifícase polas cores que non é: amarelo claro, verde escuro, azul mariño, gris, marrón, negro, prateado e dourado. A felicidade é rosa claro, amarelo, azul.

Destacar o amarelo como cor da felicidade. O amarelo non é unha cor moi elixida. Como o vermello é unha cor dual: Elixida como cor do sol, da ledicia, da riqueza, tamén é unha cor asociada ao estrés, á mentira, ao enfado, á loucura. Na felicidade temos unha calidade positiva do amarelo.

A felicidade é de todas as tonalidades verdes nas mulleres violencia; é vermella, amarela, branca. Curiosamente en ningún caso é azul CZ12, pero si é azul mariño igualado en preferencia cos verdes e os vermellos. A felicidade azul mariño é unha felicidade negativa ou o non estado da felicidade

Para a muller xitana a felicidade é vermella e afíns, amarela; curiosamente non é verde. Na muller árabe e xitana hai algúns casos de elección do negro, a non felicidade.

Para a muller árabe a felicidade é verde, branca, rosa. Tamén hai unha preferencia polo verde na mulleres vítimas de violencia.

Nas mulleres con cancro a elección clara está no estable verde, seguida do azul.

FELICIDADE VERMELLA: Idea intensa da felicidade.

FELICIDADE FUCSIA: Preferencia cromática de menor intensidade da vermella.

FELICIDADE ROSA CLARO: Preferencia cromática de menor intensidade da vermella.

FELICIDADE AMARELA: Felicidade álxida.

FELICIDADE VERDE MEDIO: Idea estable de felicidade

FELICIDADE VERDE ESCURO: Consciencia de non ter felicidade.

FELICIDADE AZUL: Idea estable de felicidade activa.

FELICIDADE AZUL MARIÑO: Felicidade negativa activa.

FELICIDADE NEGRA: Felicidade negativa.

FELICIDADE BRANCA: A felicidade sen mancha.


INFELICIDADE

Estado persoal de insatisfacción.


A infelicidade é a emoción de non poder ser feliz, porque alguén ou algo falta, algo non complementa a vida ou algo impide acadar unha xusta e desexada felicidade.

A infelicidade é unha das emocións básicas do ser humano, moitas veces relacionada co estrés, a tristeza ou a soidade.


Adversidade, calamidade, fatalidade, desgracia.




Infelicidade Lugo




Infelicidade Xitana




Infelicidade Árabe



Infelicidade Violencia



Infelicidade cancro



A infelicidade é negra, gris e marrón.

Tan só na cultura árabe hai 3 mulleres que a consideran azul CZ12.

O azul mariño aparece como cor da infelicidade. Un matiz na elección da infelicidade, se esta é negra xa non existe ningunha cor mais aló para representala. Unha infelicidade azul mariño é activa.

Existe a infelicidade vermella, 3 mulleres en Lugo e 4 en violencia. O vermello cambia a rosa na muller árabe. Imos ver como as preferencias cromáticas da gama do vermello tenden cara ao fucsia e o rosa claro na muller árabe.

Para a muller xitana en ningún caso a infelicidade é vermella, fucsia, rosa claro, amarelo. A cor vermella é moi apreciada para a muller xitana, un vermello positivo, vital.

Para as mulleres con cancro a infelicidade é negra.

INFELICIDADE NEGRA: Concreción da cor da infelicidade, a infelicidade é negra.

INFELICIDADE GRIS: Un ton máis baixo da infelicidade negra.

INFELICIDADE AZUL MARIÑO: Infelicidade activa.


INFELICIDADE VERMELLA: Estar vivindo a infelicidade.

AMOR


O amor é un concepto universal relativo á afinidade entre seres.

O amor abrangue unha gran cantidade de sentimentos diferentes, dende o desexo pasional, a intimidade do amor romántico, o amor platónico ou o amor relixioso.


Cariño, afecto.




Amor Lugo




Amor Xitana




Amor Árabe



Amor Violencia



Amor cancro



O VERMELLO

O amor é uniformemente vermello. Parece unha evidencia pero esta só se pode afirmar despois de ter preguntado: de que cor é o amor?.

O amor vermello, o amor fucsia, o amor rosa claro: unha gama de intensidade na percepción do amor. Isto visualízase moi ben nas diferenzas da muller xitana e muller árabe, a primeira elixe totalmente o vermello e a segunda o seguinte na gama, o fucsia.

Aparece un amor novo, o amor branco en mulleres violencia e mulleres árabes; e o amor amarelo na muller árabe. O amor amarelo é un amor positivo, por extensión brillante, inclúe a alegría; pode ser visto como o amor no seu punto máis alto.

Chama a atención a valoración do amor nas mulleres con cancro, é un amor multicolor, e dentro da gama dos vermellos é un amor rosa fucsia e rosa claro. Existe o amor verde, o amor azul,

AMOR VERMELLO: A esencia incuestionable do amor.

AMOR FUCSIA: Unha intensidade perceptiva menor na elección do vermello.

AMOR ROSA CLARO: Unha intensidade perceptiva menor na elección do vermello

AMOR AMARELO: Amor en acción, no seu punto máis alto.

AMOR BRANCO: Non ter vivencia plena do amor.


AMOR VERDE: Amor sen movemento.

AMOR AZUL: Amor curativo activo.


A TÚA NAI

Todos temos unha nai que nos coida ou nos descoida. Para un ser humano a figura da nai é moi importante como vínculo de apego.


Mamá.




Nai Lugo




Nai Xitana




Nai Árabe



Nai Violenca



Nai cancro



En Lugo hai nais de todas as cores, aínda que só sexa unha de cores como: verde escuro, azul mariño, marrón, negro, prateado e dourado. A que máis destaca é a nai vermella.

Nas mulleres vítimas de violencia non hai nais fucsia, laranxa, amarelo claro, cor carne, verde escuro, azul mariño, gris, marrón, prateado, dourado. Destaca a nai branca e a verde medio. Tanto en mulleres xitanas, árabes, vítimas de violencia, con cancro, a elección da cor da nai é branca, o que me leva a determinar que a idea da nai é branca. A segunda cor é o verde medio, que eu interpreto como a idea estable da nai. Na cultura xitana a segunda cor é o dourado que substitúe ao verde. A nai dourada non é elixida nos outros casos. A nai verde non está presente na cultura xitana.

A NAI DOURADA: Cultura xitana.

A NAI BRANCA: A idea da nai.

A NAI VERDE: Nai segura.

A NAI VERMELLA: Nai activa.

A MULLER BRANCA.

Nas variables: de que cor es ti?, a túa cabeza?, o teu corazón?, destacan as mulleres que elixen as 3 variables de cor branca: as mulleres brancas. Este tipo dáse fundamentalmente en mulleres vítimas de violencia con dous perfíles: 3 mulleres brancas en entorno positivo (entorno: valoración das outras variables) e 1 muller branca en entorno negativo.

En Lugo só 1 muller se considera branca, nun entorno positivo. Só 1 muller xitana nun entorno branco positivo.

Chama a atención que unha persoa se poida considerar branca e que este perfil se dea nunha muller vítima de violencia que supoñemos vive unha situación negativa. Nestes casos pode ser unha valoración negativa ou neutra do branco, como soidade e illamento; o baleiro, o branco como ausencia de sentimento.

Destacar a única muller que se considera branca en entorno negativo. Elixo o branco para: a cor preferida, a felicidade, o relax e o infinito; o negro para: infelicidade, amor, tristeza, enfermidade, violencia, estrés, agora, familia, vida, morte e nai. O diñeiro é amarelo, o pracer verde medio e a dor gris. Esta é unha muller vítima de trata procedente do Brasil.

EU

CABEZA

CORAZÓN

MULLER BRANCA.

| | | |
|--|--|--|
| | | |
|--|--|--|

Hai 6 casos de mulleres brancas, 3 vítimas de violencia, 2 de Lugo e 1 xitana.

Todos os casos teñen un entorno positivo excepto 1, este é o cuestionario máis negativo de todos. A muller de 44 anos vítima de violencia procedente do Brasil. Para ela son negros: o amor, a tristeza, a enfermidade, o estrés, o agora, a familia, a vida, a morte, a nai.

O resto das mulleres son brancas en entornos positivos. A muller xitana nun entorno positivo branco.

Muller violencia 46 anos.

Muller violencia 44anos.

Muller violencia 41 anos.

Muller Lugo 39 anos.

Muller Lugo 56 anos.

Muller xitana ? anos.

MULLER BRANCA CON CORAZÓN VERMELLO.



Muller Lugo de 44 anos.

Muller xitana de 26 anos.

Muller violencia 41 anos.

O vermello introduce a parte emocional do corazón, un nivel máis positivo.

MULLER BRANCA CON CORAZÓN ROSA



Muller árabe de 29 anos.

Muller Lugo de 40 anos.

O rosa claro introduce a parte do corazón feliz.

MULLER BRANCA CON CABEZA MARRÓN.



Muller árabe 35 anos.

Muller árabe 34 anos.

O marrón da cabeza ten como referencia a cor da pel.

MULLER BRANCA CON CABEZA NEGRA.



Muller árabe 38 anos.

O pelo negro da cabeza é moi apreciado na cultura árabe.

MULLER BRANCA CON CABEZA GRIS.



Muller xitana 34 anos.

Posible tristeza na cabeza.

MULLER BRANCA CON CORAZÓN VERDE.



Muller violencia 55 anos.

O verde presenta un corazón estable.

A MULLER NEGRA.

O negro é a cor que representa as calidades máis negativas sobre as cuestións que se preguntan.

Nos cuestionarios aparecen mulleres que se definen negras. De que cor es ti?, A túa cabeza?, O teu corazón?.

EU

CABEZA

CORAZÓN


MULLER NEGRA



Muller xitana de 27 anos nun entorno negro e gris. Todas as variables son negras ou grises, excepto a cor preferida rosa fucsia, e a nai rosa claro.

Muller con cancro de 50 anos cun entorno estable pero que vive un presente negro.

MULLER NEGRA DE CORAZÓN BRANCO.



Muller árabe 19 anos.

Muller xitana 25 anos.

Ambas en entorno positivo. Posible preferencia estética do negro en muller xitana, e referencia cultural de apreciado pelo negro en árabe.

MULLER GRIS.



Muller Lugo 49 anos.

Valoración propia de sentirse gris.

MULLER GRIS E BRANCA.



Muller xitana de 63 anos nun entorno negativo branco e negro.

Muller Lugo 28 anos nun entorno positivo.

Valoración de situación persoal.

MULLER GRIS CON CABEZA AZUL MARIÑO.



Muller violencia 30 anos.

Sentirse gris con maior peso negativo na razón.

MULLER BRANCA DE CABEZA E CORAZÓN GRIS.



Muller xitana de 63 anos nun entorno negativo negro e vermello.

A MULLER VERMELLA.

O vermello é unha cor presente no principio da existencia, o vermello do corporal, da pel colorada, do sangue. É a cor de paixóns positivas e negativas, amor e odio. A cor vermella está moi presente na publicidade do consumo por ser atraínte e estimulante, máis é unha cor en evolución que empeza a espertar rexeitamento. O amor localizado no vermello aporta gran información cando este é elixido doutra cor, dando así información emocional persoal.

O vermello elixido polas mulleres enquisadas é de calidades positivas, preferido, felicidade, amor, pracer, familia, vida en mulleres con cancro, corazón, tu en mulleres xitanas. O único vermello negativo está no estrés.

O vermello é unha cor con enerxía e potencia densas. Así podemos interpretar ás mulleres que se elixen nesta cor de forza e vida.

Hai un total de 11 mulleres vermellas, todas elas en entornos positivos. Son mulleres fortes en positivo aínda que nalgún caso se aprecie que están nun momento presente complicado.

A lectura é dunha muller con fortaleza, en un bo estado persoal e anímico, mulleres vermellas en entornos positivos e estables. As aportacións están nas cores que acompañan a esta cor.

EU..... CABEZA.....CORAZÓN

MULLER VERMELLA.



- Muller Lugo 48 anos.
- Muller xitana 18 anos.
- Muller xitana 23 anos.
- Muller cancro 48 anos.
- Muller Lugo 64 anos.
- Muller Lugo 32 anos
- Muller Lugo 43 anos.
- Muller Lugo 57 anos.
- Muller Lugo 46 anos.
- Muller Lugo 40 anos.
- Muller Lugo 61 anos.

Existen 2 casos de mulleres vermellas en entornos vermellos: Felicidade, amor, saúde, diñeiro, pracer, agora, familia, vida, nai. Nun dos casos o resto do entorno é branco e negro

MULLER FUCSIA.



- Muller Lugo 19 anos.
- Un ton menor de percepción do vermello. Entorno positivo.

MULLER ROSA CLARO.



Muller Lugo 19 anos

Muller Lugo 29 anos.

Un ton menor de percepción do vermello. Entorno positivo.

MULLER VERMELLA DE CABEZA COR CARNE.



Muller Lugo 48 anos

Unha referencia ao cor da pel.

MULLER VERMELLA DE CABEZA VERDE.



Muller cancro 50 anos.

A xuntanza do vermello e o verde é a de maior potencia. A muller máis plena estable.

MULLER VERMELLA DE CABEZA AZUL.



Muller Lugo 21 anos

A xuntanza do vermello e o azul amosan o maior equilibrio activo.


MULLER VERMELLA CON EU AMARELO.



Muller Lugo 41 anos.

Potencia en activo.

MULLER VERMELLA DE CABEZA BRANCA.



Muller Lugo 53 anos.

Inseguridade.

A MULLER VERDE.

Hai 7 mulleres de cor verde CV09, verde medio; destas 4 son mulleres con cancro.

O verde está moi presente nas eleccións das mulleres con cancro: é primeira cor preferida, felicidade, relax, diñeiro, agora, familia, De que cor es ti?, A túa cabeza, a túa nai. E segunda cor en: amor, pracer, vida, corazón.

Podemos afirmar que a muller con cancro é unha muller verde nun entorno verde.

As mulleres vítimas de violencia elixen o verde para a felicidade e para o agora. Ambas cuestións paralizadas. A repetición na elección do verde para representar o agora acompañado da expresión verde esperanza, en mulleres con situacións moi difíciles. Unha muller vítima de xénero de Bolivia e en situación actual de acoso, tivo unha grande preferencia pola cor verde. Ela mesma foi consciente do significado dese verde e manifestou un ánimo de loita.

EU

CABEZA

CORAZÓN

MULLER VERDE.



Muller cancro 52 anos

Muller cancro 63 anos

Muller cancro 60 anos.

Muller cancro 54 anos.

Muller Lugo 24 anos.

Muller Lugo 24 anos.

Muller Lugo 55 anos.

Quizás esteamos ante unha lectura do verde sen movemento, da vida paralizada, estable en espera de volver a ser activada dun xeito positivo. Tamén na procura expresa da vida.

Nas entrevistas varias mulleres vítimas de violencia nomean a calidade do verde esperanza. A lectura do verde esperanza debe ser tida moito en conta na elección das mulleres.

MULLER VERDE DE CORAZÓN AMARELO.



Muller Lugo 34 anos

A activación do verde a través do amarelo.

MULLER VERDE DE CORAZÓN FUCSIA:



Muller Lugo 19 anos.

Activación estable.

MULLER VERDE CLARO DE CORAZÓN ROSA.



Muller Lugo 31 anos.

Muller con ilusión.

A MULLER AZUL.

A cor elixida como preferida en diferentes estudos é o azul, no cuestionario que presento é o CZ12. Non hai sentimentos negativos que se asocien co azul polo que as mulleres desta cor son totalmente positivas. É a cor da fantasía, simpatía e harmonía.

O azul é a cor máis dinámica e activa. As mulleres que se elixen nesa cor son mulleres fortes en equilibrio. A diferenza do vermello o azul é activo frío.

Todas as mulleres azuis son positivas e viven en harmonía.

A lectura do azul é matizada polas cores que a acompañan.

EU

CABEZA

CORAZÓN

MULLER AZUL CZ12.



Muller cancro 49 anos.

Muller Lugo 36 anos.

Muller Lugo 19 anos.

Muller Lugo 25 anos.

Muller en harmonía positiva. A muller con cancro elixe un entorno CZ12.

MULLER AZUL CEO CZ13




Muller Lugo 29 anos

Muller Lugo 23 anos.

Muller cancro 61 anos.

Muller en harmonía emocionalmente positiva. A muller con cancro presenta un agora azul.

MULLER AZUL MEDIO CON CORAZÓN VERMELLO.



Muller Lugo 38 anos.

Muller Lugo 58 anos.

Equilibrio e harmonía con paixón.

MULLER AZUL MEDIO CON CORAZÓN FUCSIA.



Muller árabe 32 anos.

Equilibrio e harmonía en muller de cultura árabe.

MULLER AZUL CEO CON CORAZÓN VERMELLO.



Muller Lugo 38 anos.

Harmonía emocionalmente positiva con paixón. Un moi bo estado.

MULLER AZUL CEO CON CORAZÓN VERDE.



Muller violencia 41 anos. Muller moi positiva

Harmonía emocionalmente positiva con corazón estable.

MULLER AZUL MARIÑO CON EU VERDE.



Muller Lugo 48 anos.

Muller en entorno positivo, a única elección do azul mariño está en cabeza e corazón. Pode ser un caso de calidade non negativa do azul mariño.

MULLER AZUL MEDIO CON CORAZÓN BRANCO.



Muller Lugo 53 anos.

Muller en harmonía positiva con corazón lixeiro.

Este proxecto realizouse ao longo do ano 2018.